



## **BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A TRABALLADORES AUTÓNOMOS, MICROEMPRESAS E PEQUENAS EMPRESAS DO CONCELLO DO PORRIÑO AFECTADOS POLA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA PANDEMIA DO COVID-19**

### **Artigo 1.- Obxecto e finalidade.-**

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de xeito inmediato para minimizar a grave situación social e económica que teñen que soportar os empresarios con domicilio social e fiscal ubicados no noso termo municipal e que resultaron afectados total ou parcialmente na súa actividade mediante o cese total ou parcial dos seus negocios , pola declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo.

O obxectivo destas axudas é protexer o interese xeral dos cidadáns, prestando apoio inmediato ás persoas autónomas e empresas para minimizar o inevitable dano económico causado e asegurar, dentro do posible, a reactivación da economía e comercio local, todo elo dentro das competencias propias atribuídas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases de Réxime Local.

Para poder facer frente a esta liña de axudas o Concello tramitou unha modificación de crédito mediante crédito extraordinario dotado con 100.000 euros para a concesión destas axudas que van ser moduladas a través das presentes bases.

A presente convocatoria pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Paliar a incidencia que tivo a declaración do estado de alarma, minimizando o seu impacto económico.
- b) Preservar o tecido empresarial, obrigado ao peche dos seus establecementos ou á redución da súa actividade polas prohibicións legais impostas.
- c) Protexer o interese xeral dos veciños do Porriño, dando soporte aos traballadores autónomos, microempresas e pequenas empresas.
- d) Lograr a reactivación da economía da nosa vila, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas e tratar de evitar, na medida do posible, situacións de risco ou exclusión social derivadas do peche ou merma da actividade comercial e empresarial.
- e) Impulsar a actividade económica no termo municipal do Porriño, outorgando liquidez ás empresas da cidade para contribuir a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais e o mantemento da actividade e o emprego.
- d) Promover e mellorar a participación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.





## **Artigo 2.- Lexislación de aplicación.-**

A presente convocatoria rexeráse polo disposto nas presentes bases e a seguinte normativa de aplicación:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, regulamento de desenvolvemento da Lei 9/2007.
- Bases de execución orzamentaria.
- Demáis normas e disposicións de dereito administrativo aplicables.

## **Artigo 3.- Concorrenca.-**

A concesión de subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia isto é, terase en conta a orde temporal de entrada das solicitudes ata esgotar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade en sen prexuízo do disposto na base 5 respecto á vinculación entre as axudas para gasto corrente e para investimento.

## **Artigo 4.- Publicación.-**

As bases reguladoras desta subvención publicaránse no BOPPO conforme dispón o artigo 9.3 da Lei 38/2003 citada e, así mesmo, no Portal de internet municipal, así como na BDNS.

Unha vez publicadas no BOPPO iniciarase o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

Os acordos de resolución definitiva serán obxecto de publicación no Portal de internet municipal e na BDNS.

## **Artigo 5.-Crédito orzamentario.-**

A contía destinada a esta liña de subvencións ascende a un importe total de 100.000 euros con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e proxecto contable:

Proxecto	Funcional	Económica	Importe
2020033	430	4800019	75.000,00
2020033	430	7800019	25.000,00

430.4800019: gastos correntes de emerxencia, liñas 1, 2 e 3.





Concello do Porriño

430.7800019: gastos de investimento, liña 4.

En todo caso considerarase dispoñible o crédito sobrante en calquera das aplicacións descritas que poderán transferirse o crédito entre sí por estar vinculadas e deste xeito ampliar o crédito da que o precise.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado.

### **Artigo 6.- Requisitos .-**

Poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención en cumpran os seguintes requisitos:

- Que se trate dunha actividade empresarial, excepto actividades de xogos de azar e apostas.
- Que a actividade se desenvolva por unha persoa física (traballador autónomo), unha microempresa ou pequena empresa.

(Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de microempresas ou pequenas empresas aquelas que ocupen a menos de dez traballadores e non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio en datos dos anos 2018 e 2019.)

- Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Porriño e conste de alta no rexistro de matrícula do IAE do Concello.
- Que estea dado de alta no réxime da seguridade social ou na mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria no momento de presentación da solicitude. Os solicitantes non poderán atoparse en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.
- Que non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 anteriormente citada, debendo atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social e non ter débedas en período executivo co Concello do Porriño.
- Que a súa actividade empresarial fose afectada co peche total pola declaración do estado de alarma ou sufríra unha redución da súa facturación no período posterior a esta data de alomenos, un 40% en relación á media efectuada durante os últimos dous exercizos económicos 2018-2019 que deberá acreditar coa aportación da documentación contable que se indica na base “documentación a presentar”.





Concello do Porriño

## **Artigo 7.- Liñas de axuda.-**

**LIÑA 1.-** Gastos de aluguer e gastos xerais do local comercial e amortización de préstamos.-

Estes gastos corresponderán ao período dende a declaración do estado de alarma e ata o momento da publicación das presentes bases.

**LIÑA 2.-** Gastos vinculados á implantación do comercio on-line.- Serán subvencionables, entre outros, os seguintes gastos vinculados á actividade para a que se solicita a axuda:

- Gastos de consultoría e formación para a dixitalización do negocio.
- Gastos para o desenvolvemento ou mellora da páxina web
- Gastos en marketing e promoción dixital.
- Gastos anuais de subscrición a portais ou marketplace de venda on-line.
- Gastos de publicidade para venda on-line.
- Gastos de subscrición a internet.
- Calquera outro tipo de gastos vinculados a esta liña de subvención que considere o interesado e que valorará a Comisión Técnica de Avaliación.

**LIÑA 3.-** Axudas para financiar os gastos correntes derivados do cumprimento da normativa COVID relativos a limpeza, desinfección, mantemento e xestión do risco para a redución do contaxio.

Incluirá, entre outros, os seguintes:

- Mascarillas, luvas, produtos de hixiene, vestuario desechable, desinfección do local, etc. e calquera outro produto adquirido para a protección contra o Covid-19 do persoal traballador ou clientes.
- Gastos de asesoramento e consultoría ou servizos profesionais especializados para acometer obras de acondicionamento do local para lograr espazos máis seguros.
- Gastos de xestión para a obtención de certificados, privados ou públicos, que garantan a seguridade do espazo onde se exerza a actividade empresarial.

**LIÑA 4.-** Axudas para financiar investimentos para acondicionamento de locais comerciais ou adecuación de vehículos polos efectos da pandemia para lograr espazos seguros.

Abrangue os investimentos para a mellora, acondicionamento ou reforma da seguridade do local ou zona de terraza, incluída a compra de mobiliario, equipo de desinfección ou calquera outro que contribúan á protección individual dos traballadores e clientes, acreditándose a súa adquisición tras a declaración do estado de alarma.

## **Artigo 8.- Criterios e límite das subvencións.-**





Concello do Porriño

Para os efectos de concesión das subvencións previstas nas presentes bases terase en conta a orde temporal de entrada das solicitudes e ata esgotar o crédito orzamentario destinado á presente convocatoria.

Establécese un límite máximo de subvención do 100% do total de gasto subvencionable.

O límite por beneficiario establécese na cantidade de 1.200 euros, independentemente do número de liñas para as que se solicite subvención, poidendo concurrir simultaneamente a todas as liñas.

En ningún caso, o importe das axudas concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o custo total da acción subvencionable.

### **Artigo 9.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación.-**

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos.

As solicitudes para participar na presente convocatoria deberán presentarse no prazo de quince días hábiles a contar dende o día hábil seguinte á publicación no BOPPO das presentes bases, coa seguinte documentación:

#### **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:**

\* Instancia individualizada segundo modelo de instancia xeral (**Formulario nº 1**) á que se achegarán os seguintes documentos:

#### **Persoas físicas:**

- Copia do DNI ou NIE.
- Certificado actualizado da situación censal que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución ou certificación de alta no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente.
- Declaración responsable de cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria (AEAT), fronte á seguridade social (TGSS) , axencia tributaria galega (ATRIGA) e Concello do Porriño.
- Datos bancarios da conta á que se poderá transferir, no seu caso, o importe da subvención.





Concello do Porriño

- Certificado do solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, coa expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade. (**Formulario nº 2**).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determinan a imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas conforme á normativa reguladora das subvencións (**Formulario nº 3**)
- Calquera outra documentación que, xustificadamente, sexa requirida polo órgano instrutor do procedemento de concesión.

### **Persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens e outras entidades sen personalidade xurídica:**

- NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Certificado actualizado da situación censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica con data de alta o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.
- Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e inscritos no Rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presente a solicitude no caso de non ser a mesma.
- Copia do DNI da persoa administradora.
- Declaración responsable asinada pola persoa administradora, de cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración tributaria (AEAT), fronte á seguridade social (TGSS) e axencia tributaria galega (ATRIGA), así como co Concello do Porriño.
- Datos bancarios da conta á que se poderá transferir, no seu caso, o importe da subvención.
- Certificado do solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, coa expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade. (**Formulario nº 2**).





Concello do Porriño

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determinan a imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas conforme á normativa reguladora das subvencións (**Formulario nº 3**)
- Certificado emitido pola seguridade social no que conste o número medio de traballadores no ano 2019 e último modelo 200 ou equivalente presentado do Imposto de Sociedades.

### **DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:**

- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo.
- Facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral xunto con xustificantes de pagamento e relación das mesmas, detallando n.º de factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago, indicando a que liña de subvencións se acollen.
- Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e procedencia, cumprimento das finalidades obxecto de subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas que compoñen a conta xustificativa non é deducible. (**Formulario n.º 4**)
- No caso de que se opte á subvención da liña 1, contrato de arrendamento do local comercial onde se desenvolva a actividade e xustificante bancario do pago da renda correspondente.
- No caso no que non houbo peche do establecemento, pero que sufriron unha redución da súa facturación durante o mes seguinte á declaración do estado de alarma superior ao 40% con relación á media efectuada nos dous últimos anos (2018-2019): Deberáse acreditar tal circunstancia mediante a aportación da información contable que o xustifique. Para esta xustificación poderá presentar algunha das seguintes documentacións contables:

Declaración do IVE

Copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas

O libro diario de ingresos e gastos

O libro rexistro de vendas e ingresos

Calquera outro medio de proba admitido en dereito.

### **Artigo 10.- Contido e requisitos das facturas.-**





Concello do Porriño

**Primeiro:** As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas con posterioridade á data de declaración do estado de alarma.

**Segundo:** O contido das facturas se axustará ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número, e no seu caso serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro estado membro da Unión Europea del que ha realizado la operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do Imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Os empresarios ou profesionais que realicen as entregas subseguintes as adquisicións intracomunitarias as que se refire o artigo 79.2 do Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, deberán indicar expresamente nas facturas correspondentes a ditas entregas que se trata dunha operación triangular das contempladas no artigo 26.3 da Lei e consignar en elas o número de identificación a efectos do Imposto sobre o Valor Engadido co que realizan as referidas adquisicións intracomunitarias e entregas subseguintes, así como o número de identificación a efectos do mencionado imposto subministrado polo destinatario da entrega subseguinte.

### **Terceiro: Documentación acreditativa do pago.**

Consistirá na aportación, xunto con cada factura, de copia da transferencia bancaria efectuada, que será o modo habitual de acreditar o pago.

No suposto caso de que o pago se faga en efectivo, a factura deberá achegarse selada coa estampilla oficial da empresa subministradora e asinada polo representante legal da mesma, que deberá estar identificado ( nome, DNI).







Concello do Porriño

En cumprimento do disposto na Lei 7/2012, de 29 de outubro de modificación da normativa tributaria e presupostaria e adecuación da normativa financeira para intensificación de actuacións en prevención e loita contra o fraude, recórdaselles o literal do disposto no seu artigo 7:

*“...1.- No podrán pagarse en efectivo las operaciones en las que alguna de las partes intervinientes actúa en calidad de empresario o profesional, con un importe igual o superior a 2.500 euros o su contravalor en moneda extranjera.*

*2.- A efectos del cálculo de las cuantías señaladas en el apartado anterior, se sumarán los importes de todas las operaciones o pagos en que se haya podido fraccionar la entrega de bienes o la prestación de servicios.”*

**Cuarto:** No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe.

### **Artigo 11.- Instrución e órgano instrutor.-**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Xefa de Negociado de Gastos, ou persoa que legalmente a substitúa.

A instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, si se precisase, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas) coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistida a súa petición mediante resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

A valoración das axudas efectuarase por orde de entrada para aquelas que reúnan todos os requisitos ata esgotarse o crédito orzamentario destinado a esta convocatoria.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver. Poderáse proceder á comprobación material dos investimentos realizados da Liña 4 mediante a inspección efectuada por persoal municipal, a instancias da instrutora do expediente.





Concello do Porriño

- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de avaliación deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

A Xefa de Negociado, tendo en conta o expediente e o informe da comisión formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas interesadas e mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Concederáse un prazo de dez días para presentar alegacións, ou a solicitude de reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención que se propón outorgar.

Asimesmo, publicarase a listaxe de excluídos indicando o motivo de exclusión e a listaxe de espera para aquelas solicitudes susceptibles de ser incluídas no caso de modificación da proposta de resolución provisional por renuncia dos interesados ou calquera outra circunstancia.

Examinadas as alegacións, de ser presentadas polos interesados, a persoa instrutora formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala así como as solicitudes excluídas indicándose o motivo de exclusión e a listaxe de espera. Ao expediente engadirase informe da Xefa de Negociado no que conste que da información levada a cabo se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

## **Artigo 12.- Comisión técnica de avaliación:**

A.- A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nas presentes bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos participantes na presente convocatoria.

B.- A composición da comisión será a seguinte:

Presidencia: Alcaldesa-Presidenta ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

O inspector-xefe da policía local ou oficial da policía en quen delegue.





Concello do Porriño

O interventor/a do Concello.

Secretaria:

A xefa de negociado de fiscalización e gastos, instrutora do expediente, que actuará con voz pero sen voto.

Os membros da comisión serán nomeados por decreto da alcaldía.

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado:

- 1.- As entidades solicitantes propostas para obter a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nas presentes bases e o importe a conceder.
- 2.- A listaxe de espera para aquelas entidades solicitantes que, cumprindo todos os requisitos a súa solicitude, tivera unha orde de entrada posterior .
- 3.- As solicitudes denegadas e a causa de exclusión.

O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nas solicitudes presentadas, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme ao sinalado neste artigo.

A comisión de valoración rexerese no seu funcionamento polo disposto na Sección 3a, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

A comisión de valoración elevará proposta de concesión á alcaldía-presidencia, que resolverá por decreto, previa fiscalización do expediente polo servizo de Intervención.

### **Artigo 13.- Resolución.-**

Na resolución, caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pago e condicións nas que se outorga, sendo notificada ao interesado.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin a vía administrativa.





Concello do Porriño

#### **Artigo 14.- Aceptación da subvención e compromisos.-**

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas éstas, expresa ou tácitamente, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas, realizando as actividades obxecto da acción de fomento nos prazos sinalados.

Ademáis serán obrigas dos beneficiarios destas subvencións:

a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinalas aos fins para as que foron concedidas, procedendo ao seu reintegro en caso contrario.

b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería respectiva, Servizo de Intervención municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

c) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

#### **Artigo 15.- Pago.-**

Por tratarse de subvencións post-pagables, unha vez ditada a resolución definitiva de concesión e notificada aos interesados, procederáse ao abono do 100% do importe concedido.

#### **Artigo 16.- Reintegro de subvencións.-**

No caso de que o beneficiario incurra nalgunha das causas de reintegro que se establecen no título II da Ley 38/2003, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

#### **Artigo 17.- Procedemento sancionador.-**

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Artigo 18.- Recursos.-**

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións





Concello do Porriño

públicas , ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo de un mes segundo establece o art. 124 da citada Lei 39/2015. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no art. 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso axustado a Dereito que os interesados estimen procedente.

**(asinado dixitalmente á marxe)**

### **Formulario n.º 1**

## **CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A TRABALLADORES AUTÓNOMOS, MICROEMPRESAS E PEQUENAS EMPRESAS DO CONCELLO DO PORRIÑO AFECTADOS POLA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA PANDEMIA DO COVID-19**

### **Datos do solicitante:**

Nome :  
CIF/NIF:  
Domicilio social:  
Denominación comercial:  
Parroquia:  
Nome representante:





Concello do Porriño

Cargo que ocupa:  
NIF representante:  
Teléfonos:  
Correo electrónico:

### **SOLICITA:**

A subvención cos criterios sinalados nas bases da convocatoria para o que presenta a seguinte documentación (sinale con unha X os documentos aportados no momento da solicitude)

#### Documentación administrativa:

- Certificado actualizado da situación censal indicando a actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal e local de desenvolvemento da actividade.
- Alta no réxime especial de traballadores autónomos/mutua profesional.
- Formulario n.º 2 ( certificado de subvencións ou axudas obtidas)
- Formulario n.º 3 (Declaración responsable de non estar incurso en causas de imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas)
- Declaración responsable de inexistencia de débedas tributarias coa AEAT, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e fronte á seguridade social, así como inexistencia de débedas tributarias co Concello do Porriño en período executivo. (Formulario n.º 4)
- Formulario n.º 5 (relación dos ingresos que financian a actividade, indicando importe e procedencia, cumprimento das finalidades obxecto de subvención e declaración de que o IVE soportado nas facturas non é deducible).
- Copia do CIF/NIF
- Escritura de constitución e estatutos
- Certificación de conta bancaria
- Copia do NIF do representante legal.
- Acreditación dos poderes da persoa administradora

#### Documentación xustificativa:

- Memoria
- Facturas e xustificantes de pagamento
- contrato de arrendamento do local
- documentación contable
- outra documentación

O Porriño, de de 2020





Concello do Porriño

Asdo: (o representante da entidade)

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DO PORRIÑO

**Formulario n.º 2**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con D.N.I.

En calidade de \_\_\_\_\_, da entidade

Con CIF \_\_\_\_\_ e domicilio social en

**CERTIFICO**

Que se solicitaron as seguintes subvencións para o exercizo 2020:

--

Das que foron concedidas:





Concello do Porriño

- Non solicitou ningunha subvención.

E comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que así conste, asino o presente certificado no Porriño, a \_\_\_\_\_ de  
de 2020

O representante legal,

Asdo./

### **Formulario n.º 3**

#### **DECLARACIÓN RESPONSABLE .-**

D.:

Con D.N.I. n.º:

Actuando en nome e representación de:

Con C.I.F. n.º:

#### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE NON:**

1.- Estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2.-Ter solicitado a declaración de concurso, ser declarado insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado segundo á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.

3.- Dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado ca Administración.

4.- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas, en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de Incompatibilidades do persoal ó







Concello do Porriño

servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño do Réximen Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.

5.- Non atoparse ó corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Ter residencia fiscal no país ou territorio calificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7.- Non atoparse ó corrente do pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8.- Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións según a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións ou a Lei Xeral Tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos asino a presente declaración,

No Porriño a,

**de 2020**

#### **Formulario nº 4.- Declaración responsable de inexistencia de débedas.-**

##### **DATOS DO SOLICITANTE:**

Nome da entidade

CIF

Domicilio

Nome do representante

NIF

Teléfono

Correo Electrónico

##### **DECLARACIÓN RESPONSABLE:**





Concello do Porriño

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade comercial para a que se solicita a subvención non é debedora por obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), ATRIGA (Axencia tributaria galega) nin concello do Porriño.

Non é debedora á Seguridade social por ningún concepto.

Porriño a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**O Declarante,**

### **Formulario nº 5.- Xustificación da subvención**

#### **DATOS DO SOLICITANTE:**

Nome da entidade

CIF

Domicilio

Nome do representante

NIF

Teléfono

Correo Electrónico

#### **CERTIFICO:**

Que para estes mesmos fins obtivéronse as seguintes subvencións ou axudas económicas:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE





Concello do Porriño


3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que se solicita.

4.- Que se realizaron gastos para \_\_\_\_\_ por unha contía total de \_\_\_\_\_.

5.- Que o solicitante declara que o IVE que expresan as facturas xustificativas non teñen carácter deducible para a entidade, a efectos de consideralo subvencionable.

E para que conste, a efectos de xustificación expídese a presente certificación en \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

**O representante legal,**

